

## ANEXO V

Táboa doutros conceptos económicos do convenio colectivo do centro de traballo de Vigo/ano 2002

Conceptos económicos	Importe euros
Artigo 34. Premio 15 anos antigüidade	1.112,00
Artigo 36. Axuda para fillos diminuídos	72,66
Artigo 38. Axuda para libros	25,75
	35,85
	41,20
	103,05

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 3 de xullo de 2003 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, por Orde do 2 de abril de 2003 (DOG nº 80, do 25 de abril), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

##### DISPÓN:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ó funcionario que se relaciona no anexo da presente orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servicios, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo

sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servicios.

Cuarto.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da circunscrición na que teña o seu enderezo o demandante ou ben no da Coruña, á súa elección, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2003.

Jaime Pita Varela

Conseleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

##### ANEXO

Número de rexistro: 3381890624A2071.

Apelidos e nome: Millán Calenti, Rafael Álvaro.

Posto de traballo: asesor xurídico.

Código posto: SA.C02.00.004.15770.001.

Centro directivo: Consellería de Sanidade.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: A (escala de letrados).

Corpo ou escala: xeral.

Nivel de c. destino: 30.

*Orde do 8 de xullo de 2003 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, por Orde do 14 de abril de 2003 (DOG nº 82, do 29 de abril), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de

abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ó funcionario que se relaciona no anexo da presente orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servizos.

Cuarto.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Ley 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición na que teña o seu domicilio o demandante ou ben no da Coruña, á súa escolla, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2003.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

**ANEXO**

Número de rexistro: 3605344957A2071.  
Apelidos e nome: Viñas Hylas-Bernoud, Marta.  
Posto de traballo: asesor xurídico.  
Código posto: FA.C020000315770.001.  
Centro directivo: Consellería de Familia, Xuventude,  
Deporte e Voluntariado.

Localidade: Santiago de Compostela.  
Grupo: A (escala de letrados).  
Corpo ou escala: xeral.  
Nivel de c. destino: 30.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 10 de xullo de 2003 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir un posto nos equipos de orientación específicos.*

Pola Orde do 25 de marzo de 2003 (DOG do 7 de abril) convocábase concurso de méritos para cubrir un posto nos equipos de orientación específicos. Unha vez cumpridos os requisitos legais e transcorridos os prazos establecidos pola resolución provisional para reclamacións, e de acordo coa proposta prevista no artigo 12 da citada orde efectuada pola comisión de selección, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:**

Primeiro.-Nomear, para cubri-las prazas indicadas, a profesora que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-A funcionaria docente seleccionada pola presente orde quedará adscrita ó posto adxudicado a partir do 1 de outubro de 2003.

Terceiro.-Contra a presente orde os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO**

Adxudicación de prazas nos equipos  
de orientación específicos  
Especialidade: discapacidades motóricas.  
Equipo específico: Ourense.  
Funcionaria: Luisa María Limia Martínez.